

PEZA DO MES

decembro

2008



XERRA DE CERÁMICA PINTADA MEDIEVAL



VISTA INTERIOR DA PEZA

XERRA DE CERÁMICA PINTADA MEDIEVAL

PROCEDE DAS INTERVENCIÓNS DE 1987-88 NAS BURGAS

Don Florentino López-Cuevillas fixo das Burgas a referencia orixinaria da Cidade de Ourense como tal. Sen dúbida pesaba na súa consideración a concentración dos achados documentados no seu entorno, e singularmente a localización da ara dedicada ás Ninfas, localizada en 1802 e que publicara no seu tempo o Deán Bedoya. O seu artigo de 1934, "*Como nasceu a cidade de Ourense*" segue a ter o valor dunha referencia fundamental, por máis que novos achados e intervencións arqueolóxicas teñan ampliado as nosas referencias e coñecemento histórico sobre a orixe, extensión e articulación do poboado romano que deu orixe á cidade, como tivemos ocasión de presentar na mostra "*Ourense. A cidade, da orixe ao século XVI*", que se pudo ver no Museo, dende xullo ata novembro.

En 1987, ao acometerse unha reforma do entorno das Burgas, procurando darlle máis amplitude aos propios mananciais e aos espazos abertos e públicos contiguos, liberándoos de construcións como o forno inmediato ou limpando as fincas, fíxose un proxecto que incluíu a realización dunhas sondaxes arqueolóxicas, cunha primeira fase entre o 26 de xaneiro e o 18 de marzo, e unha segunda entre o 9 de novembro dese mesmo ano e o 7 de xaneiro de 1988, campañas que dirixiu Alfredo Seara Carballo, quen deu conta dos seus resultados en diversas

publicacións nos anos seguintes. Os materiais, tal e como estipula a normativa vixente, depositáronse no Museo Arqueolóxico de Ourense, onde se conservan. Hoxe realízanse alí outros traballos con novas perspectivas.

En resumo, a intervención ofreceu, sintetizando a descrición pormenorizada dos achados e do proceso que nos ofrecen os escavadores, aos que seguimos, tres horizontes estratigráficos:

I) O primeiro ou superior estaba conformado por terras traídas, moi posiblemente, doutras partes da cidade a raíz de nivelarse a zona cando, baixo proxecto do arquitecto Trillo e en estilo neoclásico tardío, se constrúe a fonte da Burga de Abaixo a mediados do século XIX e se fan os xardíns, así como a ponte da nova estrada de Villacastín a Vigo, que pecha o horizonte urbano, antes máis aberto ás hortas e bacelos próximos e cun camiño que, cruzando a ponte dos Pelamios –hoxe desaparecida– seguía cara ao Castelo Ramiro.

II) Nun segundo horizonte estaban presentes as épocas medieval e moderna, con restos de construcións de cachotería –quizás parte duns baños citados na documentación baixomedieval– e abondosos materiais fundamentalmente cerámicos (cerámica común de tonalidade gris, vidrada, pintada...), restos óseos de fauna doméstica e en menor cantidade moedas, as mais antigas das cales corresponden aos séculos XIII e XIV.

III) O terceiro horizonte, cunha característica coloración agrisada corresponde á orixe romana do asentamento, con ocupación continuada entre finais do século I d.C. e finais do século III. Neste horizonte, so se documentou, a cinco metros de profundidade e baixo o colector da fonte da Burga de Abaixo, un anaco mutilado de muro de cachotería, mentres que entre os materiais recuperados, característicos da vida cotián do momento, estaban presentes a cerámica de construción, a cerámica común, a cerámica fina –*sigillata* de procedencia hispánica e gálica–, as moedas, os restos óseos de animais e unha mandíbula humana en posición secundaria.

De entre todos os elementos materiais relacionados na descrición anterior destacamos un fragmento singular, o resto do que identificamos como unha xerra de fondo plano, pasta marrón, que se conservan ata media panza onde está o arrinque dun asa, que se semella ter sección rectangular plana, e decorada en todo o seu exterior pola aplicación dunhas serie continua de liñas verticais brancas. Descoñecemos se a xerra tería boca con bico marcado, como aparece noutros exemplares, pintados tamén, e se a asa chegaría ata o labio, ao igual que acontece nalgúns outros exemplos fragmentados que conservan esta parte. Peza que forma parte do conxunto que o escavador describe no marco do



DETALLE DA PASTA E ARRANQUE DA ASA



DETALLE DA PASTA

horizonte segundo: “A cerámica pintada, aínda que presente, o seu índice de aparición é baixo, tratándose temas e motivos xeométricos a base de pigmento abrancazado”, ao que noutro traballo engade a consideración *“tratándose quizá, como hasta ahora se viene pensando para el norte peninsular, que corresponde a un producto de importación”*.

Analizando polo miúdo a pasta advertimos que non é diferente á das producións grises características do mesmo momento e coas que se relaciona: mesmo tipo de composición, elementos degraxantes micáceos, inclusión de graos de cuarzo de ata 3 mm de calibre; mesmo modo de facer do oleiro, etc., tanto, que se nón fose pola presenza da pintura exterior, pasaría desapercibida entre os restantes fragmentos, e así acontece con algúns elementos que, no seu lavado ou limpeza, perden parte da súa singularidade.

Desgraciadamente non temos aínda un Corpus xeral das cerámicas pintadas en Galicia como para establecer unha secuencia definida. Pouco a pouco vanse dando a coñecer novos materiais destas características, aínda que os seus contextos sexan pouco precisos. Con todo a panorámica séguese parecendo á que hai dúas décadas deseñamos no marco dunha visión xeral das cerámicas medievais do norte e noroeste da Península. Un

dos problemas é a falla de definición formal das pezas, xa que, polo xeral, os fragmentos son pequenos, polo que neste caso, ao ter mellor definida a forma –e ao igual que noutros pola presenza de asas– cabe atribuíla a un tipo xerra, configurando a que debeu ser a máis habitual das formas, recipientes que hai que relacionar co servizo doméstico de mesa, como corresponde a producións que manifestan unha certa calidade dentro do seu contexto xeral.

A diferenza se manifesta pola aplicación de pintura branca, pero tamén polo logro dunha superficie de aplicación de cor avermellada ou castaña, que contrasta coas superficies grises dominantes, cor que se consegue por unha cocción algo oxidante aínda que tamén, nalgúns casos pola aplicación dun engobe vermello.

No que atinxe a súa distribución xeográfica, a súa dispersión parece abranguer toda Galicia, aínda que teñamos que vela concentrada en torno a Ourense, con paralelos nalgúns outras cerámicas de León ou Zamora.

Finalmente está o tema da súa orixe e procedencia. É a presenza da pintura que as decora elemento suficiente para as considerar de procedencia foránea? Realmente, a análise das pezas polo miúdo –xa o indicamos– non revela diferencias coas restantes producións locais, mesmo nalgúns casos vemos que se trata de cerámicas grises ás que se lle aplicou un engobe avermellado e sobre el se pintaron os temas xeométricos en branco. A existencia dunha tradición de cerámica pintada de época romana dou pé a pensar nunha continuidade, aínda que esta encaixaba mellor coa decoración pintada en vermello que coa pintada en branco. Precisamente, a cor decantou outra opción explicativa nun axente externo, como as cerámicas pintadas islámicas, que tiña ademais o coincidencia de cor como elemento de apoio, sobre todo a non contar cunha tradición de cerámicas pintadas propias. A cuestión segue aberta, sobre todo ao seren as cerámicas islámicas deste tipo anteriores cronoloxicamente ás produción galegas.


En conclusión, encontrámonos diante dunha peza que, ademais de definir suficientemente unha das posibles formas das cerámicas pintadas, probablemente a máis común, nos ofrece un exemplo de produción local decorada cun dos patróns habituais da cerámica pintada medieval da área ourensá, e que cronoloxicamente, polos contextos mellor definidos dos seus paralelos en Santa Mariña da Augas Santas e na adega do antigo Pazo do Bispo de Ourense, podemos datar no século XIII.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

O horario de visita é o seguinte:

Mañá: martes a domingo, de 9,30 a 14,30h

Tarde: martes a sábado, de 16,00 a 21,00h

Permanece pechado os luns e festivos

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

Horario de atención ao público: de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Francisco Fariña Busto.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: Eidograf.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE